



Boletín Nº 66. Lunes, 23 de marzo de 2009

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [BRIÓN](#)

EDICTO Pág. 4486 Reg. 09/3215-x.

[Anterior](#)[Siguiete](#)

Aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza fiscal número 12-T, reguladora da taxa pola subministración de auga

Ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o acordo plenario de data 26/11/2008, polo que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 12-T, reguladora da taxa pola sumministración de auga, enténdese automaticamente elevado a definitivo o citado acordo, polo que en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da ordenanza xa existente, que quedará redactada do seguinte xeito:

## **ORDENANZA FISCAL Nº 12 -T**

### **REGULADORA DA TAXA POLA SUMINISTRACIÓN DE AUGA**

#### **Artigo 1º. Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 106, da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e amparo do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes 1 e 4.t) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a "taxa por subministración de auga", que se rexerá polo citado RDL e a presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa:

1. A utilización da rede de abastemento de auga polos predios situados no termo municipal e o beneficio obtido polo mantemento do contador.

Para os efectos de aplicar a taxa distínguense dous tipos de consumo:

a) Usos domésticos: son os que atenden as necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc.

b) Usos industriais: son aqueles nos que auga se emprega como motor ou como axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en

vapor, xeo, bebidas carbónicas, etc.

2. O servizo de verificación e conservación de contadores.

### **Artigo 3º. Suxeito Pasivo**

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte ós ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

As concesións de auga faránselle ós propietarios de fincas urbanas, ós arrendatarios ou a calquera usuario sempre que estean autorizados para introduci-la auga nos edificios que ocupan polos donos dos mesmos.

### **Artigo 4º. Responsables.**

En todo o referente a responsabilidade en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

### **Artigo 5.º Base imponible**

A base imponible da taxa por subministración de auga potable está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso.

### **Artigo 6º. Cota tributaria.**

A auga subministrarse mediante contador, que medirá en volumes a cantidade consumida, que será a que o abonado deba de pagar segundo as tarifas desta Ordenanza, partindo dun mínimo igual para tódolos usuarios.

A cota da taxa regulada nesta ordenanza establécese segundo as seguintes tarifas :

### **Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral**

	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
1.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,532 €/ m <sup>3</sup>
1.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,695 €/ m <sup>3</sup>
1.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	1,040 €/ m <sup>3</sup>

**Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña**

	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,392 €/ m <sup>3</sup>
2.2	De máis de 10 m <sup>3</sup> e ata 15 m <sup>3</sup> , por abonado e mes	0,430 €/ m <sup>3</sup>
2.3	Máis de 15 m <sup>3</sup> por abonado e mes	0,519 €/ m <sup>3</sup>

**Epígrafe 3. Acometidas**

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

- **Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.**

Ø Acometida	Terra (A )	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C )
¾"	182,47	234,97	281,45
1"	196,66	248,18	292,04
1 ½	236,58	288,64	332,53
2 "	281,53	332,51	376,93

- **Prezos para a acometida de máis de 5 m.**

	¾"	1"	1 ½	2 "
(A ) incremento € por m	8,47	9,92	14,18	23,81
(B ) incremento € por m	18,68	20,17	24,39	34,02
(C ) incremento € por m	22,49	23,34	28,12	37,71

**Epígrafe 4. Contadores**

- **Instalación de contador de 13 mm en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13 mm , válvula antiretorno e pezas de conexión	74,77 €/ud.

- **Instalación de arqueta no chan**

Características	Tarifa
Arquetilla de 40 x 40 , contador de 13 mm , válvula antiretorno e pezas de conexión	166,56 €/ud.

- **Contador de diámetro superior a 13 mm**

Características

Según orzamento para cada caso

• **Contadores ( sen colocación )**

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	51,32 € /ud.
Ø 15 mm	58,41 € /ud.
Ø 20 mm	71,29 € /ud.
Ø 25 mm	116,13 € /ud.
Ø 30 mm	162,34 € /ud.
Ø 40 mm	251,67 € /ud.
Ø50 mm	549,91 € /ud.
Ø 65 mm	681,70 € /ud.

**Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados**

Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cuota	3,86 € / ud.

**Epígrafe 6. Desprecintado do contador**

Esta cota é a que se refire ó reestablecemento do suministro

	Tarifa
Cuota	26,02 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

**Epígrafe 7. Ampliacións**

Os gastos de conexión inicial, cando sexan necesarias obras na rede xeral, serán repartidos entre os beneficiarios que o soliciten simultaneamente, sempre que o concello autorice a ampliación.

Quen na mesma zona solicite a conexión con posterioridade pagará como gastos de conexión unha cantidade, como mínimo, igual á que pagaron os primeiros solicitantes.

As ampliacións efectuadas nestas condicións pasarán a ser de propiedade municipal ó executarse a obra.

**Epígrafe 8. Primeira instalación en núcleos.**

Cando se realice a conexión simultaneamente coas obras de dotación da rede de abastecemento ao núcleo ao que pertenza o aboado, cada conexión devengará unha cota fixa de 120,00 €, que incluíra os elementos necesarios ata o contador, incluída a administración deste.

### **Artigo 7.º Exencións e bonificacións**

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

### **Artigo 8º. Devengo e período impositivo.**

A presente taxa devengarase desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa presentación da correspondente solicitude, ,o cal non se realizará sen que se efectuara o pagamento correspondente

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

### **Artigo 9º. Normas de xestión**

1.As conexións de auga coa rede xeral serán autorizadas polo Concello, previa solicitude do interesado, e serán realizadas única e exclusivamente pola Empresa concesionaria do servizo de augas.

2.Toda autorización para gozar do servizo de augas levará aparellada a obriga de subscribir un contrato de subministro, instalar o contador -nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso que permita a clara lectura do consumo que marque.

3. A autorización será intransferible e concederase para un domicilio determinado e, en caso de traslado, o usuario deberá facer un novo contrato e pagar a taxa de enganche ou desprecintado.

4. O abastecemento de augas potables deste concello é un servizo municipal de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e en beneficio do concello.

5. Sen embargo, os manantiais e aproveitamentos de augas potables das que veñen surtíndose os particulares, respectaranse por agora, sen prexuízo da municipalización, se se acordase.

6. A auga subministrarse mediante contador, que medirá en volumes de cantidade consumida, que será a que o abonado deberá pagar segundo as tarifas desta ordenanza, partindo dun mínimo igual para todos os usuarios.

7.O percibo desta taxa efectuarase mediante recibo. A lectura do contador, facturación e cobro efectuarase cada tres meses.

facturación e cobro efectuarase cada tres meses.

8.A tarifa de auga ten un mínimo mensual de consumo de DEZ metros cúbicos.

9.Cando o usuario se ausente temporalmente do domicilio poderá solicitar o precintado do contador e neste caso non se lle pasará recibo pero, cando desexe facer uso da auga de novo deberá solicitar do concello o desprecintado do contador e abonar a cota estipulada.

10.A empresa concesionaria do servicio de augas, en evitación de abusos, poderá exercer unha vixilancia sobre tuberías, aparatos de conducción e medida de auga. O persoal encargado do servicio de augas estará autorizado para entraren nas fincas e inspeccionar e practica-los recoñecementos que xulguen convenientes.

11.Os usuarios non poderán venderen nin cederen gratuitamente a auga a terceiras persoas, inda que sexa para dedicar ó mesmo uso para o que se ten concedida.

12.O usuario poderá causar baixa cando desexe, solicitando nas Oficinas Municipais a baixa correspondente, momento no que procederán os encargados do servicio a corta-la subministración.

13. Se o caudal das augas experimentase variacións por razóns climatolóxicas, avarías ou outras de forza maior, esta circunstancia non dará dereito ós usuarios ou abonados para reclamar ningunha cantidade

14. As cotas liquidadas e non cobradas ó seu debido tempo serán feitas efectivas polo procedemento de constrinximento con arreglo ás normas do réxime xeral de recadación.

15.En caso de avaría do contador, o tempo en que estea inutilizado calcularase o consumo en base do gasto habido nesa finca en igual época de anos anteriores. Esta circunstancia notificaráselle ó abonado por escrito dándoselle un prazo de 15 días para solicita-lo cambio de contador, e a substitución correrá por conta do abonado.

16.Cando o abonado observe variacións ou deficiencias na subministración, deberá darlle de contado aviso ó Concello ou concretamente ó servicio de augas.

### **Artigo 10º . Infraccións e sancións**

O Concello, seguindo o procedemento establecido e dentro dos prazos outorgados ó efecto, suspenderá a subministración de auga automaticamente , previo aviso ó usuario:

1.Cando o abonado que empregue a auga para usos distintos de aqueles para

os que lle foi concedida (regadíos, etc.), a transporte a outro lugar ou a ceda a terceiras persoas pagará unha sanción equivalente ó dobre do prezo que tería que satisfacer polo consumo mensual segundo contador e perderá, automaticamente, o dereito da concesión, sen prexuízo de esixirle, ademais, as responsabilidades que procedan en dereito.

2. Cando fora negada ou entorpecida reiteradamente a entrada no domicilio do aboado ó persoal encargado da lectura dos contadores.

3. Cando se produza a falta de pagamento do recibo trimestral pola subministración de auga. Todo isto sen prexuízo da súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento.

4. Igualmente, será suspendido o servizo no caso de que fose negada a entrada no domicilio ó persoal encargado das visitas de inspección.

En todo o demáis, as infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

#### **Disposición adicional única**

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal

#### **Disposición derogatoria única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal nº 12-T, reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada definitivamente no BOP nº 299 de 29/12/2007.

#### **Disposición Derradeira**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello do Brión en sesión celebrada o 26 de novembro de 2.008 ( modificación ) e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

No caso de modificacións parciais desta ordenanza fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Brión, a 14 de novembro de 2008.

O ALCALDE

23/03/2009

Edicto - Boletín N° 66. Lunes, 23 de...

Asdo.: José Luís García García

Reg. 09/3215-x